

PRESENTACIÓN

Definición

A presentación ten a mesma estrutura e redacción que unha carta. Utilízase habitualmente como carta de presentación dalgún servizo ou produto.

Exemplo

Produtos de beleza LID
Polígono industrial 1, 4º almacén
45000 Meira, Lugo

Ana Reixa Meis
Hipermercados Boa
Ponte do Xastre, 104
15300 Ferrol

Estimada señora,

Como empresa líder na venda por xunto de produtos de beleza e coincidindo co lanzamento dunha nova gama de produtos, comunicamos que proximamente recibirán a visita no seu establecemento do noso delegado comercial, o señor Xabier Campos.

O obxecto desta visita será presentarlles esta nova liña de produtos e achegarlles a información precisa sobre as peculiaridades referidas á adquisición destes produtos.

Confiamos en que, como noutras ocasións, a nosa visita sexa do seu interese.

Atentamente



Fiz Freixo Mandín
Responsable de Mercadotecnia

Meira, 29 de setembro de 2007